

MODELO DE FICHA LEXICOGRÁFICA. DOUS EXEMPLOS: "TURNO" E "APREMIO"

CARLOS DÍAZ ABRAIRA

Servicio de Traducción. Parlamento de Galicia

Modelo de ficha lexicográfica

Hai xa uns cinco anos, baixo este mesmo epígrafe e a través do boletín "Lingua e Administración" (nº 5, xan.-feb. 85), presentábase un posible modelo de ficha lexicográfica, que serviría de apoio no imprescindible labor de tódolos días de fixación e difusión terminolóxica. Desde aquelas páxinas dicíase textualmente:

"Unha das necesidades lingüísticas do galego na súa reincorporación ós novos ámbitos de uso é a confección do vocabulario referente ás distintas disciplinas técnicas (medicina, física, psicoloxía, economía, dereito...). No noso traballo cotián, e deixando á parte o léxico específico do nivel administrativo ou xurídico, é común atopar numerosas voces, en xeral de carácter culto, propias duns niveis lingüísticos máis ou menos especializados ou técnicos. Hai que ter en conta que, ata agora, a lingua empregada neses niveis era exclusivamente o castelán e que é precisamente a través del (normas e procedemento legal, todo tipo de documentación...) por onde se plantexan os problemas terminolóxicos.

Para lles dar solución a estas cuestións léxicas, ás veces conflictivas, e partindo de modelos existentes noutros países con máis tradición lexicográfica, confeccionouse un modelo de ficha que sirva para unha certa unificación no estudo de cuestións terminolóxicas.

Como vemos, trátase de recolle-los datos contrastivos que posibiliten a formulación de equivalentes galegos para designa-los conceptos plantexados. Sinteticamente, acódesse ós termos que ofrecen outras linguas, tense en conta a posibilidade de documentación antiga e a existencia actual (non esquezámo-la posibilidade de que palabras patrimoniais e de uso corrente amplíen o seu significado: beira, canle...), e búscase a solución segundo os diversos contextos nos que apareza o término.

Nunha situación normal, habería un órgano centralizador deste labor, que dirixiría e impulsaría toda esta tarefa. De momento, diremos que esta ficha lexicográfica funciona nos traballos da sección de linguaxe administrativa do Instituto da Lingua Galega, da coordinadora de linguaxe administrativa e dos organismos que teñen servicios de traducción (Diario Oficial de Galicia, Parlamento e Rectorado da Universidade).

Desde estas páxinas, á parte da súa presentación, queremos ofrece-la posibilidade de colaboración coa sección de linguaxe administrativa a todas aquelas persoas (funcionarios principalmente) interesadas".

Daquela incluíase como exemplo de termo estudado o castelán "despilfarrar" e propoñíase "grosso modo" un equivalente: dilapidar.

Pois ben, transcorrido un quinquenio, nin hai "órgano centralizador" nin hai "coordinadora" (a ningún nivel) e -o que é máis grave- non se avanzou nada no que debería se-lo establecemento de órganos que planificasen, coordinasen e impulsasen esta e outras facetas do proceso de planificación lingüística. Consecuentemente, nada se podería dicir en teoría en canto a dirección técnica, seguimento ou asesoramento.

Así as cousas, creo que non estaría de máis volver presentar aquel modelo de ficha lexicográfica e ilustra-la súa aplicación con dous exemplos prácticos de termos que cómpre fixar.

1	<i>(Termo que se formula)</i>		2	<i>(Posible equivalente galego)</i>	
3	-Portugués		4	Contexto	
	-Castelán				
	-Francés				
	-Italiano		5	Posible definición	
	-Catalán				
	-Inglés				
	-Latín		8	Fonte	
	-Galego med.				
6	Campo semántico	7	Data	9	Fixo a ficha

TURNO

1	turno		2	quenda, rolda, vez...	
3	-Portugués	turno, turma, ordem, vez...	4	Contexto (Véxanse posibles contextos á parte, nas solucións propostas)	
	-Castelán	turno			
	-Francés	tour, service...	5	Posible definición Orde, alternativa ou forma de sucesión entre varias persoas para facer ou recibir algo. Momento ou vez en que lle corresponde a cada persoa dunha serie facer ou recibir algo. Cada unha das intervencións en favor ou en contra dunha proposta nunha asemblea ou corporación.	
	-Italiano	turno, volta, avvicendamento...			
	-Catalán	torn			
	-Inglés	turn, shift...			
	-Latín		8	Fonte	
	-Galego med.				
6	Campo semántico	7	Data	9	Fixo a ficha

Como vemos, as diferentes linguas utilizan termos emparentados ou provenientes mesmo do francés "tour" e "tourner", na acepción de "alternar", que se remonta ó latín "tornare", de "tornus", aínda que empregan outros en determinados contextos.

En galego podíase pensar na utilización de "turno" como un préstamo, como fai o portugués -véxase José Pedro Machado, que di que parece vir do castelán-, ou recorrer a outros termos equivalentes.

Así, neste caso, temos rexistrada nos nosos dicionarios unha serie de voces que se empregan para designa-la alternancia ou orde seguida no uso, aproveitamento ou realización de servicios, beneficios ou traballos colectivos (uso de auga para a rega, de muíños, de pastos, etc.): "quenda", "rolda", "roteo", "sorte", "tranda", "veceira", "vez", "volta", "xeira", "xirio", etc., e, ó seu lado, unha serie de verbos derivados: "aquendar", "arrolar", "atempar", "atenzar", "aveceirar"..., co significado de alternar ou reparti-lo dereito ou orde deses servicios ou traballos.

Examinando todos eses termos, a súa documentación contrastada, a súa extensión, a súa posible ambigüidade, a posibilidade de formación de derivados, parece que habería que ir decantándose pola selección e progresiva especialización dalgúns deles, dependendo dos distintos contextos de que se trate. Así, podíase pensar nos seguintes:

-*Se-lo turno de...	Se-la vez de... Se-la rolda de... Se-la quenda de... Correspóndelle X a... Tócalle X a... ...
-*Chega-lo turno	Chega-la vez Chega-la quenda Chega-la rolda Toca-la vez ...
-*Ir por turno	Ir por roldas Ir por quendas ...
-*Traballar por turnos	Traballar por roldas Traballar por quendas ...
-*Establecer turnos	Establecer roldas (= arrolar) Establecer quendas (= aquendar) ...
-*Cubri-lo turno	Cubri-la quenda Cubri-la rolda Cubri-lo servicio ...
-*Turno de día	Quenda de día Rolda de día ...

-*Turno de noite	Quenda de noite Rolda de noite ...
-*Turno de garda	Quenda de garda Rolda de garda Servicio de garda ...
-*Turno libre	Quenda libre
-*Turno restrinxido	Quenda restrinxida
-*Turno de oficio	Quenda de oficio Rolda de oficio
-*Turno (de intervencións) a favor	Rolda (de intervencións) a favor
-*Turno en contra	Rolda en contra
-*Turno de portavoces	Rolda de portavoces
-*Consumir un turno	Consumir unha rolda

No caso do verbo equivalente, "turnarse", e dada a anterior escolla de "quenda", "rolda" e "vez", parece congruente inclinarse polos verbos derivados: "aquendar", "arrolar" e "aveceirar" (pero sen excluír, claro está, outras formas como "atempar", "atenzar", etc.):

-*Turnarse en/para algo	Arrolar algo Aquendar algo Aveceirar algo ...
-*Turnarse no uso da palabra	Arrola-lo uso da palabra Aveceira-lo uso da palabra Aquenda-lo uso da palabra ...
-*Turnarse os dous	Arrolarse os dous Aquendarse os dous Aveceirse os dous Alternarse os dous ...

APREMIO, no ámbito administrativo e xurídico (vía de aprecio, procedemento de apremio...)

1	apremio	2	constrinximento
3	-Portugués compulsão -Castelán apremio -Francés contrainte -Italiano costingimento, costrizione -Catalán constrenyiment -Inglés judicial compulsion; under duress -Latín -Galego med. prema (e variantes), constrangimento (e variantes)	4	Contexto Neste caso, a Administración recorrerá á vía de apremio. 5 Posible definición Acción de obrigar a algo xudicialmente, es- pecialmente a un pagamento. Procedemen- to executivo ou xudicial para iso. Manda- mento de autoridade xudicial para compe- ler ó pagamento dalgunha cantidade ou ó cumprimento doutro acto obrigatorio. 8 Fonte
6	Campo semántico	7	Data
		9	Fixo a ficha

No conxunto destes idiomas, pois, para designar esa obriga que impón a autoridade a alguén para que faga algunha cousa, recórrese a derivados do antigo "premia" (castelán) ou dos latinos "constringere" (francés, italiano e catalán) ou "compellire" (portugués e inglés), vocábulos que teñen gran proximidade semántica e ós que as distintas linguas foron especializando nese ámbito xurídico-administrativo.

En galego, "prema", "constrinximento" ou "compulsión" serían aptos para expresar ese concepto. "Prema" e familia foron moi usados na época medieval, tamén no sentido figurado e mesmo xurídico (referido ó ámbito da lei canto menos); hoxe, "prema" e o verbo "premer" (ou as variantes "apremer", "(a)premar", "apremear" e mesmo "premir") están moi documentados, cos sentidos de "apretar con forza", "presionar", "comprimir", "prensar" e incluso co figurado de "oprimir", "coaccionar", é dicir, "opresión moral". Pola súa parte, "constrinximento" e "constrinxir" foron formas moi usadas antigamente e, polos glosarios e textos consultados, parecen de tanta frecuencia e incluso afinan máis no carácter de obriga, mesma de obriga a alguén para que pague ou como acto ou procedemento administrativo: "vnde uos mando que costrengades todos... que paguem a mim ou ao meu porteyro a dizima", "dō Rodrigo Gomez constringiu esse R.G. que fosse responder por ante o juiz dessas herdades", "pidia que o constrengesse que lle pagasse", etc. Finalmente, "compulsión" e "compe-ler" sería a terceira vía de solución, cos seus derivados "compulsivo" e "compulsorio".

Parece que a tradición dos últimos anos, apoiada desde os nosos textos máis antigos, aconsella que a forma preferida sexa, en consecuencia, "constrinximento" e "constrinxir".